

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 13 DE XUÑO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Itinerario peonil e ciclista na PO-313. Treito: Coirados – Pardavila, puntos quilométricos 1+380 - 3+330", de clave: PO/16/266.06, no Concello de Marín.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E TURISMO

- Decreto polo que se dispón que cese Alfonso Marnotes como director xeral de Orientación e Promoción Laboral.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se amplía a delimitación de ben de interese cultural dos muíños do Folón e do Picón no termo municipal do Rosal (Pontevedra).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se valida a medida cautelar adoitada por Resolución do 31 de maio de 2019, da directora de Augas de Galicia, consistente na intervención e asunción temporal por Augas de Galicia da xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais do Grove (expediente OH. 336.776), en substitución do Concello do Grove e con repercusión na dita entidade local dos custos asumidos por esta entidade pública durante a vixencia da medida.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria á superación da porcentaxe nos pagamentos anticipados derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa do bono das persoas autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, por un importe de catro millóns de euros (4.000.000 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruñal (ASPACE) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dez mil seiscentos oitenta euros (10.680 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña ASPANAES, para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta mil douscentos un euros con trinta e catro céntimos (50.201,34 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 1 de decembro de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil cento dezaseis euros con oitenta céntimos (8.116,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezaseis mil douscentos trinta e tres euros con sesenta céntimos (16.233,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

na provincia da Coruña, polo importe máximo de dous mil cento trinta e seis euros (2.136 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2019-2020, por un importe de tres millóns douscentos trinta e oito mil seiscentos nove euros (3.238.609 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Seminario Maior Compostelano para a posta en valor do Mosteiro de San Martiño Pinario, por importe de seiscentos vinte e cinco mil euros (625.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o asesoramento científico-técnico na adaptación, intervención e seguimento audiolóxico-protéxico de calidade para o Programa galego de detección da xordeira en período neonatal, por importe de setenta e dous mil seiscentos euros (72.600 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Vilamartín de Valdeorras feita a título gratuito polo Concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre as actuacións para a universalización das prestacións financeiras en Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a creación e posta en marcha da Axenda de impulso da industria forestal.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe do Programa galego para a detección precoz da hipoacusia neonatal: Informe de resultados 2002-2018.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2019-2021.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA PO-313, ENTRE COIRADOS E PARDAVILA, NO CONCELLO DE MARÍN, CUN INVESTIMENTO DE 720.000 EUROS

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación das obras este verán e o levantamento de actas previas está previsto no terceiro trimestre de 2019***
- ***Trátase da construción dun itinerario peonil duns 2 quilómetros pola marxe esquerda desta estrada autonómica, desde a saída de Marín e conectando coas beirarrúas existentes ata Pardavila, unha vez pasado o enlace da variante de Marín***
- ***Na intervención construírse unha pequena plataforma para salvar o rego ao comezo desta estrada, e como obras complementarias inclúense unha nova rede de drenaxe e a mellora da intersección cun carril central e un cambio de sentido***
- ***Nas vindeiras semanas someterase a información pública o segundo tramo, entre Pardavila e o cruzamento coa vía de acceso ao lago Castiñeira, facendo un itinerario continuo de máis de 4 quilómetros desde o inicio desta estrada en Marín e ata O Cadro***
- ***Estas actuacións enmárcanse no Plan de sendas na comarca do Morrazo, que recolle a construción de 8 itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe aos cales se destina un investimento que supera os 4,5 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar unha senda peonil na estrada autonómica PO-313, entre Coirados e Pardavila, no Concello de Marín.

Esta actuación conta cun orzamento autonómico duns 720.000 euros, en que se inclúe o pagamento aos titulares dos 19 predios necesarios para executar esta actuación.

As obras licitaranse nas vindeiras semanas e dispoñen dun prazo de execución de 6 meses, estando previsto o levantamento de actas previas no terceiro trimestre de 2019.

Trátase da execución dun itinerario duns 2 quilómetros de lonxitude pola marxe esquerda da estrada de titularidade da Xunta PO-313, desde a saída de Marín e conectando coas beirarrúas existentes ata Pardavila, no punto quilométrico 3+300, unha vez pasado o enlace coa Variante de Marín.

A intervención comezará polos primeiros 15 metros desta estrada, no punto quilométrico 1+380, onde se executará unha pequena plataforma para salvar o rego existente. A partir dese punto, a sección tipo constará dunha senda en formigón coloreada de 1,8 m de largo medio, aproveitando nalgún tramo intermedio a beirarrúa existente.

Como obras complementarias poden destacarse a instalación dunha nova rede de drenaxe e a mellora da intersección existente no punto quilométrico 2, coa execución dun carril central e dun cambio de sentido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Os obxectivos prioritarios desta actuación aprobada hoxe polo Executivo autonómico son incrementar a seguridade dos veciños nos seus desprazamentos cotiáns e promover unha mobilidade máis sustentable.


Cabe salientar que o departamento de Infraestruturas da Xunta ten previsto executar tamén outro tramo de senda na estrada PO-313, entre Pardavila e a intersección coa vía de acceso ao lago Castiñeira, no Cadro, que permitirá completar un itinerario peonil continuo de máis de 4 km desde o inicio da estrada en Marín ata este punto. Este proxecto someterase a información pública nas vindeiras semanas.

Estas actuacións están enmarcadas no Plan de sendas da comarca do Morrazo, en que a Xunta prevé 8 itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, que foron definidos en 7 proxectos de construción que suman case de 9,2 km de sendas cun orzamento que supera os 4,5 millóns de euros.

No marco do plan de Sendas, no Concello de Marín, o departamento de Infraestruturas da Xunta ten xa en execución a senda entre Vilaseca e Lapamán.

Estas actuacións serán cofinanciada con Fondos FEDER 2014/2020.

No seguinte plano amósase a zona onde se executará o novo itinerario:





**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O CESE DO DIRECTOR XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL, ALFONSO MARNOTES

- ***Deixa o cargo a petición propia tras exercer estas competencias desde o ano 2015***
- ***Neste tempo ao fronte deste departamento impulsou novos programas de formación adaptados ás necesidades reais do tecido industrial e da sociedade, como as Unidades Formativas nas Empresas ou os obradoiros duais***

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa xuntanza de hoxe o cese do director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marnotes, quen deixa o cargo a petición propia.

Marnotes, nacido no Carballiño en 1971, licenciado en Dereito e máster en Dereito das administracións e institucións públicas, viña exercendo as súas competencias na área de Orientación e Promoción Laboral desde outubro de 2015, tras ocupar o cargo de vicesecretario xeral da entón Consellería de Economía e Industria desde 2009.

Desde a Dirección Xeral, destaca o seu compromiso ao longo deste tempo no deseño de programas de formación cara o emprego do futuro, coa posta en marcha de iniciativas tanto para persoas desempregadas como ocupadas que, ademais de mellorar a súa cualificación, permitan atender as necesidades específicas e reais da sociedade e do tecido empresarial galego, favorecendo deste xeito as súas posibilidades de acceder ou de mellorar as súas calidades dentro do mercado laboral.

É o caso das Unidades Formativas en Empresas que, desde a súa entrada en funcionamento están permitindo celebrar 690 cursos para 7157 persoas nos sectores con máis presente e futuro no eido laboral; dos plans de formación específicos para sectores estratéxicos da economía galega, como o da automoción e a industria naval; ou os obradoiros duais que combinan un contrato de formación e aprendizaxe de 9 meses coa posibilidade de que os desempregados poidan optar, tres meses máis a xornada completa como mínimo, a un contrato laboral nunha empresa do ámbito territorial no que se desenvolva o obradoiro e na mesma especialidade na que se cualificaron.

As competencias serán asumidas, polo momento, pola Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria.



A XUNTA DE GALICIA AMPLÍA O BEN DE INTERESE CULTURAL DOS MUÍÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN, NO ROSAL

- ***O decreto aprobado esta mañá incorpora 31 novos muíños até un total de 67 e dous novos elementos sobranceiros como son a ermida de San Martiño e o castro do Picón***
- ***Trátase dun conxunto senlleiro do patrimonio galego en que se conxuga beleza e utilidade, ademais dun gran potencial identitario relacionado coa historia da moenda***

O consello da Xunta aproba ampliar a delimitación dos muíños do Folón e do Picón, sitios en Santa Mariña, no concello pontevedrés do Rosal, como ben de interese cultural (BIC) coa categoría de Lugar de valor etnolóxico. O novo decreto recolle todos os muíños deste ámbito que teñen unha disposición, funcionalidade, tipoloxía e materiais análogos, e inclúe outra serie de elementos patrimoniais destacados como a ermida de San Martiño, no extremo noroeste, ou o castro do Picón, no extremo sueste. A modificación da delimitación inscribírase no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e notificárase ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración do Estado.

O Decreto 27/1998, do 22 de xaneiro, que declaraba ben de interese cultural, con categoría de Lugar de interese etnográfico, os muíños do Folón e do Picón non recollía a totalidade de muíños deste ámbito, senón só os 36 asociados ao río Folón. A ampliación da delimitación do BIC suma o grupo de 31 bens vencellados ao río Picón, até un total de 67 muíños incluídos no BIC. A aprobación deste decreto permite así corrixir unha disfunción da declaración orixinaria, garantindo o mesmo nivel de protección para a totalidade de muíños.

Cómpre subliñar que a formación en serie dos repetidos muíños, dispostos en diferentes ringleiras, posúe un valor estético sobranceiro e resulta unha boa mostra de como unha instalación para aproveitar e explotar os recursos naturais pode reunir en si beleza e utilidade; ademais dun enorme potencial identitario relacionado coa historia da moenda, na cal participa toda a comunidade.

Límites da ampliación

O lugar de valor etnolóxico distribúese polas abas dos montes do Campo do Couto ao oeste e os montes da Valga ou San Martiño ao norte, en que se localizan todos os seus elementos, incluídos os camiños e as pesqueiras e levadas que conforman o sistema hidráulico. A devandita ampliación ten como obxectivo incluír na delimitación a totalidade de elementos constitutivos deste sistema patrimonial.

Polo norte, o ben estará limitado polo propio límite do termo municipal, enmarcado polos cumios dos altos de Picouto, Carrolo e Castelo, dos cales proveñen as augas principalmente polo rego do Cal ata A Enxubrigada. Polo leste, a marca dáa o propio rego do Cal até O Picón. Mentres que polo sur estaría delimitado polo lugar de Ponte das Penas e Martín e polo oeste polo Campo do Couto.

Dado que no decreto se delimitan todos os espazos necesarios tanto para a conservación da súa integridade, non se estima preciso ningún contorno de protección nin o establecemento dunha zona de amortecemento específica.

Réxime de intervencións e aplicación

Os muíños contan cun nivel de protección integral, malia que se entende que nas futuras actuacións e procesos de consolidación, restauración e reconstrución poderán revisarse puntualmente algunhas solucións que redunden na mellor interpretación e uso das técnicas tradicionais. Ademais, tendo en conta que na actualidade a función esencial deste conxunto é propiamente cultural, poderán acometerse melloras para o uso dos visitantes e unha óptima valoración e interpretación do conxunto.

No referido ao medio, debe procurarse a recuperación dunha vexetación e arboredo autóctono e unha incorporación ponderada de medios de seguridade como pasarelas e varandas. Ademais, o decreto fixa como un obxectivo a medio prazo a recuperación dos sistemas de captación e distribución de auga.

Outros elementos protexidos

Considéranse partes integrantes do lugar de valor etnográfico, ademais dos muíños, os sistemas hidráulicos para a captacións, retención e distribución das augas, en especial as pesqueiras, así como as levadas e regos que conducen a auga aos cubos.

Asemade, tal como se apuntou, protéxese a ermida de San Martiño e os camiños tradicionais, en especial o propio desta ermida. Así mesmo, son partes integrantes do expediente os camiños que ascenden polas carreiras de Martín e Cereixeira, que deben ser conservados na súa funcionalidade e localización.

Finalmente, recoñécese o valor cultural da toponimia deste ámbito e terase en conta outros aspectos materiais auxiliares como elementos mobles e enxoval (picos, candís, trespés, pancas etc.) relacionados coa actividades da moenda, sempre que acrediten dunha forma verídica e complexa todas as dimensións da actividade.

Unha historia centenaria asociada á vida cotiá

Os muíños do Folón eran coñecidos ao longo da historia pola denominación de Riobó, nome empregado para o río Folón ou San Martiño. Teñen a súa orixe cando menos no século XVII, coa implantación e xeneralización do cultivo do millo. De feito, a función principal foi, precisamente, moer gran de millo, trigo e centeo, aínda que, de xeito excepcional, está acreditado o seu uso para moer mineral. Mantiveron a actividade cotiá ata mediados do século XX, cando se produce o seu abandono.

Os muíños do Picón, situados máis cara o leste, alimentábanse das augas de recollida de varios regos e fontes, en especial do denominado como rego da Cal, no lugar do Nivel, e teñen un número e disposición semellante, se ben que o seu funcionamento está condicionado pola periodicidade dos usos e caudais.



Orixinalmente este sistema hidráulico compartía a súa función coa rega das hortas e campos de cereal, polo que o funcionamento debía ser compartido, deixando a moenda para os meses máis propicios, co gran aireado e a auga abundosa, ben que coa preferencia do uso para o regadío.

Feitura semellante e homoxénea

Todos os muíños do conxunto teñen unha feitura moi semellante e homoxénea. Son construcións rectangulares de pequeno tamaño, de muros de cachotería concertada con linteis, xambas e algún canto de cantería traballada, e cubertas de tella curva a unha auga, sen beiril. Os ocos principais son o acceso, cunha porta de madeira, de folia partida, e os cubos de entrada da auga, protexidos cunha grade, e o inferno, en que se asenta o enxeño hidráulico que move as moas.

Nas canterías son abundosas as inscricións, en especial de cruces latinas con algunha sinxela ornamentación xeométrica, aínda que tamén hai inscritas iniciais e datas. Estes símbolos, que ás veces ocupan paneis enteiros de varias cruces, tamén se repiten en laxes exteriores próximas aos muíños.

O interior dividirse en dúas estancias diferenciadas, para a moa e os sacos. Esta segunda podía acoller un pequeno lar e un lugar para durmir. Ambas estaban separadas por un tabique lixeiro de madeira.

O sistema construtivo e o seu uso continuo e intenso obrigaba a constantes reparacións e melloras, polo que debe entenderse como unha construción viva e adaptable que se axustaba a diferentes usos e circunstancias.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A INTERVENCIÓN TEMPORAL DA XESTIÓN DA EDAR DO GROVE PARA GARANTIR O SERVIZO DE DEPURACIÓN E PRESERVAR A CALIDADE DAS AUGAS DA RÍA DE AROUSA

- ***O Executivo autonómico acorda esta medida cautelar ante o risco de contaminación que supón a desatención do concello pontevedrés das súas competencias no mantemento da depuradora municipal***
- ***A asunción excepcional do mantemento da EDAR por parte do organismo hidráulico da Xunta terá un prazo dun mes e quince días e un custo de explotación de máis de 18.000 euros, que será repercutido ao Concello***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a intervención e a asunción temporal da xestión e explotación da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Grove, que permite garantir a continuidade do servizo de depuración municipal e preservar a calidade das augas da ría de Arousa.

O Executivo autonómico valida así esta medida cautelar proposta polo organismo hidráulico da Xunta, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que permite atender as instalacións desta planta de tratamento de augas residuais, ante o risco de contaminación que supón a desatención, por parte do Concello do Grove, das súas competencias no mantemento e explotación da EDAR municipal.

A asunción excepcional por parte do organismo de bacía da Xunta do mantemento e explotación da EDAR temporal establécese durante un período de mes e medio, e garante o mantemento da prestación deste servizo básico que afecta unha materia especialmente sensible como é a depuración das augas e que non admite interrupción na súa prestación.

Os custos asumidos polo Xunta de Galicia durante a vixencia desta intervención serán repercutidos á entidade local, estes custos superan os 18.000 euros.

Antecedentes

Tras a execución da EDAR do Grove por parte da Xunta de Galicia no ano 2015, o contratista das obras asumiu a súa posta en servizo e explotación durante un período de probas. Acabado este prazo, Augas de Galicia comezou as actuacións necesarias para facer efectivo a entrega destas instalacións ao Concello o pasado día 1 de maio, segundo estaba previsto e acordado, mantendo a corporación municipal unha total inactividade durante o período de transición.

Por esta circunstancia e ante a desatención, por parte do concello, das súas competencias municipais e cuxa actitude está a por en risco a calidade das augas da ría de Arousa, a Xunta de Galicia vese na obriga de aplicar o artigo 27.6 da Lei de Augas de Galicia e intervir temporalmente as instalacións municipais da EDAR do Grove.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Cómpre lembrar que o servizo de depuración é unha competencia municipal e que no ano 2007 foi o propio Concello do Grove quen solicitou a colaboración da Xunta para a execución das obras de nova EDAR comprometéndose a asumir a titularidade das instalacións unha vez rematadas e a mantelas e explotalas de forma adecuada.



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

A XUNTA OFRECE AXUDAS DE ATA 3000 EUROS PARA APOIAR A CONSOLIDACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE DE 1300 AUTÓNOMOS

- ***Incrementa nun millón de euros, ata alcanzar os catro, o orzamento dedicado ao Bono autónomo***
- ***Nas dúas convocatorias anteriores desta iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria beneficiáronse 1355 persoas***
- ***A medida ten como obxectivo axudar a profesionais deste colectivo, cunha antigüidade superior aos 42 meses, para que poidan ofrecer novos servizos e realizar investimentos que impulsen a súa capacidade competitiva***
- ***Enmárcase dentro da Estratexia Autónomo 2020, coa que ao longo de 2018 a Xunta investiu, a través das principais liñas, máis de 24 millóns de euros para colaborar con 6555 empregados por conta propia***
- ***Galicia é a Comunidade cun emprego autónomo máis sólido e supera en case sete puntos a porcentaxe de mulleres na súa comparativa coa media estatal***

A Xunta porá en marcha por terceiro ano consecutivo o Bono autónomo con axudas de ata 3000 euros para apoiar servizos e investimentos encamiñados á mellora da competitividade empresarial ou profesional dos traballadores por conta propia que contan cunha antigüidade superior aos 42 meses. A Administración autonómica prevé beneficiar 1300 traballadores a través dun orzamento que alcanza os catro millóns de euros, un máis que ao longo do pasado exercicio.

A actuación conta con dúas liñas de axudas para mellorar a competitividade dos autónomos. Apoiarase, dunha banda, o desenvolvemento de servizos destinados á investigación de mercado e plans de márketing, comunicación, estratexia, crecemento, comunicación, refinanciamento ou reorientación do negocio, así como os dirixidos ao uso das novas tecnoloxías. Tamén se poderán aprobar axudas para outros estudos ou plans que teñan como fin incrementar a competitividade da actividade empresarial.

Financiarase, doutro lado, investimentos relacionados coa compra de maquinaria, ferramentas, equipamento informáticos ou rótulos; coa reforma do local; a posta en marcha de aplicacións informáticas e páxinas web ou a creación de logotipos do negocio. Este ano tamén se financiará como novidade a adquisición de mobiliario.

A convocatoria abrirase nas próximas semanas, apoiándose os gastos que se teñan realizado desde o día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ata o 31 de decembro. A través do Bono autónomo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria favoreceu nos dos últimos anos, cun orzamento de máis de tres millóns de euros, a consolidación de 1355 autónomos.

O Bono autónomo forma parte dun dos retos principais do Goberno galego para favorecer a consolidación da actividade deste colectivo. A Administración autonómica, deste xeito, e a través da Estratexia Autónomo 2020, está a poñer en marcha medidas sempre baseadas no diálogo con este sector estratéxico para Galicia co obxectivo de impulsar o seu crecemento,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

a súa consolidación e a súa competitividade. Neste momento, ademais do Bono autónomo, destacan outras liñas de actuación como a Oficina do autónomo ou as axudas para a conciliación, o inicio de actividade, a contratación de ata tres asalariados e os apoios ás asociacións de autónomos. Nestas iniciativas investíronse o pasado ano máis de 24 millóns de euros, o que permitiu favorecer o labor de 6555 traballadores por conta propia.

Os retos principais da Estratexia son apoiar este colectivo na incorporación de novas persoas ao seu emprego, na consolidación da actividade existente para garantir a súa viabilidade e na simplificación e axilización da tramitación administrativa.

Galicia é a comunidade autónoma cun emprego autónomo máis sólido. De feito, lidera a clasificación das comunidades con maior peso neste sector no total de afiliacións á Seguridade Social, cunha porcentaxe do 21,7 %, case cinco puntos máis que no Estado. Os empregados galegos por conta propia presentan, ademais, maior fortaleza e capacidade de xeración de ingresos que a nivel estatal, así como maior estabilidade: un 94,8% dos autónomos galegos teñen na súa actividade a súa única fonte de ingresos e Galicia está, cun 73,1%, seis puntos por riba na media nacional nas iniciativas de máis de 3 anos. Os datos, polo tanto, confirman a consolidación deste colectivo en Galicia fronte á realidade da media estatal. Así mesmo, Galicia conta co emprego autónomo máis igualitario de toda España: un 42,2 % son mulleres fronte ao 35,4 % do Estado (case sete puntos máis).

Esta realidade pon de manifesto que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de empresas posibles, senón tamén de deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas creadas poidan sobrevivir, crecer e ampliar os seus mercados. De aí, a posta en marcha da Estratexia Autónomo 2020.

Estas empresas son vitais para a creación de postos de traballo. Do que se trata é de impulsar e consolidar un emprego autónomo de maior calidade, orientado ao desenvolvemento da Industria 4.0 e dos principais sectores económicos de Galicia, tendo deseñado e definindo múltiples actuacións en materia de promoción, apoio, consolidación e mellora ao longo da vida profesional deste colectivo.

EDUCACIÓN ELEVA A MÁIS DE 188.000 EUROS O INVESTIMENTO PARA FACILITAR O COMEDOR ADAPTADO A 442 ESTUDANTES CON DISCAPACIDADES

- ***Continúan actualizándose os convenios con entidades implicadas na prestación deste servizo***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elevará a 188.186,94 euros o investimento para contribuír ao financiamento da prestación do servizo de comedor adaptado durante o curso 2019/20 a través da colaboración con 12 entidades, co que se dará servizo a 442 alumnas e alumnos.

Tras autorizar a semana pasada a renovación de 6 convenios, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura de addendas con outras 6 entidades, por importe de 111.290,94 euros. En concreto desta vez actualizaranse os acordos coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (ASPACE), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (ASPANAES), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), coa Fundación Menela e coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro.

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

A Consellería compensará cada trimestre as entidades e asociacións polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 euros ou 2,37 euros (en función do número de usuarios) polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnas/os con discapacidade escolarizados por ditame de Administración educativa.

As devanditas asociacións comprométense a facilitarlle ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que para estas persoas supón un comedor escolar, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

EDUCACIÓN DESTINARÁ MÁIS DE 3,2 MILLÓNS DE EUROS A AUMENTAR E MELLORAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio para este fin, que terá unha duración de dúas anualidades***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinará 3.238.609 euros a financiar as actuacións recollidas nun convenio coa Universidade da Coruña, cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta. O obxectivo é o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

Este investimento en apoio ás accións estratéxicas da Universidade da Coruña en I+D e na consolidación da especialización dos seus Campus da Coruña e Ferrol supón un importante reforzo a axendas de especialización, formación e investigación como vía para dar resposta aos novos retos.

O convenio terá unha duración de dúas anualidades e prevé accións arredor de catro eixes principais: a rehabilitación e mellora das instalacións e equipamentos; o equipamento científico-tecnolóxico; a especialización da docencia e a investigación nas áreas da industria intelixente, a sustentabilidade e a innovación, e o reforzo do programa de Centros de investigación e posicionamento e internacionalización das unidades de Investigación.

Melloras en instalacións e equipamento

O investimento para rehabilitación e mellora nas instalacións e equipamentos ascende a 1,3 millóns de euros, cos que se acometerán actuacións nas facultades de ciencias da Comunicación e da educación, na Facultade de Informática, nas escolas de arquitectura e de náutica e máquinas, na Reitoría e nos centros de investigación de enxeñaría civil (CITEEC) e no de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Así mesmo, desenvolverase a renovación tecnolóxica do Laboratorio de Videoxogos, animación e contidos dixitais no Centro de Investigacións Tecnolóxicas de Ferrol, dos laboratorios de investigación de nanociencia da Facultade de Ciencias, e do Laboratorio de análise de datos e lingüística na Facultade de Filoloxía.

A maiores, nun segundo eixe, a Xunta achegará 593.000 euros para equipamento científico-tecnolóxico. Trátase dun investimento dedicado ao cofinanciamento da achega económica que a UDC necesita para afrontar o custo total dos investimentos subvencionados pola Axencia Estatal de Investigación na convocatoria de adquisición de equipamento científico-técnico correspondente ao ano 2018, que permite a modernización dos grandes equipamentos de investigación tanto para os Grupos como para os Centros de investigación.

A Consellería comprométese a financiar a parte do investimento (o 20 % do custo total) que debe afrontar cada universidade en relación coas actuacións subvencionadas. A Xunta de

Galicia a única Administración autonómica que asume este cofinanciamento, para que o custo desta infraestrutura para a universidade sexa cero.

Especialización e posicionamento da investigación

O terceiro e o cuarto eixe suporán un investimento de 587.000 euros, que se destinará por unha banda á especialización da docencia e da investigación nas áreas da industria intelixente, a sustentabilidade e a innovación, e, por outra, ao reforzo do programa de centros de investigación e posicionamento e internacionalización das unidades de investigación.

Para a especialización da docencia e a investigación nas áreas da industria intelixente, a sustentabilidade e a innovación desenvolveranse tres accións. A primeira, centrada no posicionamento e na internacionalización, irá dirixida a reforzar a masa crítica desta universidade e potenciar a investigación no ámbito da industria intelixente, co fin de fomentar a visibilidade, a transferencia e cooperación industrial e a proxección científica internacional.

Xa no eido da especialización, crearanse estruturas de apoio aos novos graos, dotando as facultades de equipamento especializado, infraestruturas e software. Ademais, reforzaranse os recursos docentes do Grao en Xestión Industrial da Moda e os do Mestrado en Deseño Industrial e do Mestrado en Videoxogos.

No caso do reforzo do programa de Centros de investigación e posicionamento e internacionalización das unidades de investigación, a acción estará centrada en complementar o financiamento do CITIC –centro de investigación acreditado pola Xunta de Galicia na convocatoria 2016-2019– co obxectivo de evitar períodos sen financiamento dos custos de persoal entre o remate desta convocatoria e o comezo da nova, en fase de tramitación.

Así mesmo, actuarase sobre o posicionamento e internacionalización das principais unidades de investigación da Universidade da Coruña. Neste sentido, desenvolveranse accións encamiñadas á posta en valor dos centros de investigación singulares, neste caso o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) e o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Tamén se apoiarán as accións de transferencia e de internacionalización destes centros.

Por outra parte, facilitarase a creación dunha agrupación de investigación no ámbito da industria intelixente.

Outras accións

Ademais, ao abeiro do convenio deseñaranse e implantaranse programas que permitan dar a coñecer os novos graos, a actividade investigadora e de transferencia, co fin de poñer en valor a oferta docente, investigadora e de internacionalización no ámbito da innovación e da sustentabilidade.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Finalmente, inclúese unha acción orientada á colaboración na organización de congresos nacionais e internacionais, así como á asistencia a feiras internacionais relacionados coas actividades de investigación que leva a cabo a UDC. Tamén se levarán a cabo actividades de promoción e dinamización da lingua galega.



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

A XUNTA INVESTIRÁ 625.000 EUROS A REHABILITAR E IMPULSAR O MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO NO MARCO DO XACOBEO 21

- ***A aposta da Consellería de Cultura e Turismo permitirá rehabilitar o monumento, mellorar os servizos de atención a turistas e peregrinos e ampliar a oferta cultural***

O Consello da Xunta deu hoxe un novo impulso á celebración do Xacobeo 21 autorizando a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Seminario Maior de Compostela para poñer en valor o mosteiro de San Martiño Pinario, un dos edificios máis destacados de Santiago e Galicia. Trátase dunha actuación pola que o Goberno autonómico investirá 625.000 euros e que permitirá rehabilitar o monumento, mellorar os servizos de atención a turistas e peregrinos e ampliar a oferta cultural na meta do Camiño de Santiago.

A Xunta de Galicia achegará un total de 205.00 euros para realizar melloras na conservación e optimización deste monumento. Concretamente, desenvolveranse traballos na estrutura do edificio que afectarán o sistema de iluminación, ás carpinterías exteriores, á cuberta da sancristía, ao sistema de amplificación ou aos retablos, que serán tratados para paliar a afección por termita e couza. Así mesmo, co obxectivo de mellorar a atención aos peregrinos, o Goberno galego destinará 120.000 euros ao programa de visitas guiadas e á limpeza e mantemento do conxunto.

Para avanzar na preparación do vindeiro Ano Santo, impulsarase tamén a creación dun produto específico de carácter cultural e turístico dirixido tanto aos propios veciños como aos peregrinos e turistas. Trátase da *Tempada Lírica San Martiño Pinario*, baixo a que se celebrarán sete actuacións, e o ciclo *Peregrinos polo Camiño da Música*, que inclúe cinco espectáculos. A achega para estes concertos será de 100.000 anuais ata 2021.

O Goberno autonómico persegue con estas actuacións a difusión e promoción de espazos emblemáticos da cidade de Santiago, máis aló da Catedral, contribuíndo así á diversificación de fluxos e garantindo a conservación do patrimonio. Todo isto coa vista no Xacobeo 21, un evento que constitúe para Galicia un motivo de orgullo e unha oportunidade de desenvolvemento e de reforzo da súa dimensión internacional.

Ben patrimonial de referencia en España

O mosteiro de San Martiño Pinario é un dos conxuntos histórico-artísticos máis impresionantes de España, pois constitúe a segunda construción relixiosa máis grande na súa tipoloxía. As súas orixes están vinculadas ao culto do Apóstolo Santiago, destacando, precisamente, a custodia do Sepulcro entre os seus labores fundamentais.

A grandiosidade deste mosteiro non pasa desapercibida para os moitos viaxeiros e peregrinos que chegan a cidade de Santiago de Compostela e ao longo da historia é frecuente atopar testemuñas sobre esta construción relixiosa.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

As actuacións impulsadas para o mantemento do edificio e a creación dunha nova oferta cultural e turística están enmarcadas no Plan director do Camiño de Santiago a folia de ruta para a preparación, desde 2015, do vindeiro Ano Santo. Concretamente, as accións impulsadas ao abeiro do convenio autorizado hoxe polo Consello enmárcanse na liña estratéxica que ten como obxectivo fortalecer a imaxe da cidade de Santiago como meta.



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

UN TOTAL DE 89 CATIVOS DIAGNOSTICADOS DE XORDEIRA BENEFICIÁRONSE DO CONVENIO ENTRE SANIDADE E A USC QUE GARANTE AUDÍFONOS GRATUITOS E TAMÉN REVISIÓNS E SEGUIMENTO

- ***No marco do Programa galego de detección de xordeira neonatal, Sanidade revisou 298.066 neonatos entre 2002 e 2018***
- ***Desde 2004, a taxa de participación nas probas de cribado do programa é do 99 % do total de neonatos***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a renovación do convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o asesoramento científico-técnico no programa galego de detección da xordeira neonatal. Este convenio conta cun orzamento de 72.600 euros para un total de catro anos, e permite ofrecer un tratamento de audiología de calidade aos nenos diagnosticados polo Programa galego de detección da xordeira en período neonatal.

A data de hoxe, un total de 89 nenos diagnosticados no marco do programa beneficiáronse por este acordo de colaboración, o que significa que accederon de xeito gratuíto aos audífonos que precisaban e que se lles garantiu a súa correcta adaptación e seguimento. Cómpre salientar que no segundo semestre de 2018 realizouse unha enquisa de satisfacción entre os pais dos nenos beneficiados polo convenio anterior e a aceptación e valoración da prestación foi cualificada como excelente.

No marco deste convenio, iniciado en 2012, defínense os protocolos para adaptar as próteses aos nenos diagnosticados, tamén se realiza a adquisición e preprogramación dos audífonos e faise o seguimento e control periódico da adaptación. O convenio coa USC tamén inclúe establecer os indicadores de evolución do neno e ofrecer asesoramento continuo a pais/nais e logopedas para xestionar, ademais, un banco de audífonos coa máxima eficiencia.

O banco de audífonos xa está creado, os audífonos son reprogramados e reutilizados para outros nenos do programa, o que permite reducir de forma significativa o importe deste convenio ao mesmo tempo que se mantén a calidade do servizo. Ademais, a reutilización permite non xerar máis residuos dos estritamente necesarios. Cada audífono alonga de forma significativa a súa vida a través da reprogramación.

Datos 2002-2018 do Informe do Programa Galego

O Programa galego de detección da xordeira en período neonatal permitiu desde o seu inicio no ano 2002 ata decembro de 2018 revisar un total de 298.066 neonatos en Galicia. Respecto da participación no programa, a taxa global deste período é do 98,52 %. En concreto no ano 2018, e de forma continuada dende 2004, cumpriuse o obxectivo fixado como desexable de revisar ao 99 % dos neonatos tanto en hospitais públicos como en maternidades privadas. Son datos do último informe do programa que o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou esta mañá ao Consello da Xunta.

O programa ten carácter universal e gratuito, e o seu obxectivo é mellorar a capacidade de comunicación (linguaxe receptiva e expresiva) dos nenos nados con hipoacusia moderada, severa ou profunda.

O éxito final no tratamento da hipoacusia depende de tres factores: a existencia dun diagnóstico preciso e precoz; unha correcta indicación e adaptación inicial das próteses auditivas así como un correcto seguimento e control da calidade desta adaptación; e unha correcta interrelación entre todos os profesionais que interveñen no proceso do tratamento (otorrinolaringólogos, audioprotesistas, foniatras, logopedas) e entre os pais e familiares do neno, co fin de detectar problemas, monitorizar avances e avaliar os resultados para poder intervir nos momentos adecuados.

Funcionamento do programa e derivación en caso necesario

Desde a implantación do Programa e ata decembro de 2018, dos 298.066 nenos participantes no programa, un total de 2.217 neonatos necesitaron ser derivados ás unidades de diagnóstico para realizar probas complementarias, isto é unha taxa de derivación do 0,74 %.

Tras a realización da proba de cribado, aqueles nenos que non a superan satisfactoriamente (isto pode ser debido á presenza de hipoacusia ou a outros factores temporais como a inmadurez do sistema auditivo do neonato), son derivados ás unidades de diagnóstico e tratamento dos hospitais da rede pública de Galicia co fin de confirmar ou descartar a presenza de hipoacusia.

Os programas de detección precoz permiten acadar un adianto dos tempos de diagnóstico e de inicio de tratamento, isto permite iniciar o tratamento ao redor dos 6 meses de idade, cando en ausencia de programas de cribado, de xeito xeral esto sucede despois dos 24 meses.

Dos nenos derivados á unidade de diagnóstico durante o ano 2018, o 82 % tiveron a súa primeira consulta con primeira proba realizada antes dos 60 días de vida. A porcentaxe de nenos que inician o seu tratamento antes dos 6 meses é do 64 %.

Finalmente, detectáronse un total de 305 cativos con hipoacusia, polo que a taxa de detección é de aproximadamente 1,02 por cada mil nenos cribados.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

O Consello da Xunta autorizou a aceptación da cesión do inmoble do centro de saúde de Vila de Vilamartín de Valdeorras, que pasará a ser titularidade do Servizo Galego de Saúde. Para ano 2019, os custos de mantemento do centro, que conta cunha superficie total construída de 519 m², foron estimados pola Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras en 17.000 €.

Con este inmoble sanitario, o número total de centros de titularidade municipal asumidos polo Servizo Galego de Saúde no eido do Pacto Local ascende a 91.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é, en todo caso, voluntario para os concellos, que previamente asinan os convenios en que se establecen as bases de cooperación co Sergas para “a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde, e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento”. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmoble e comprométese a asumir os gastos de mantemento.



A XUNTA LICITARÁ UN SERVIZO PARA GARANTIR QUE TODOS OS GALEGOS TEÑAN ACCESO A SERVIZOS FINANCEIROS NO SEU CONCELLO

- *Ademais de dispoñer dun caixeiro no seu municipio, os veciños destes concellos tamén poderán acceder a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica*
- *A Administración galega abordará esta cuestión de xeito inmediato coa FEGAMP*
- *O obxectivo é implantar esta medida nos 41 concellos que carecen dunha entidade financeira no seu territorio, o que beneficiaría máis de 52.000 galegos*

A Xunta de Galicia licitará un servizo que garantirá que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello, de modo que dispoñan dun caixeiro automático no seu municipio e poidan acceder tamén a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica. Tal como recolle un informe elaborado pola Consellería de Facenda, 41 dos 313 municipios carecen dunha entidade financeira no seu territorio, polo que a medida que vai impulsar o Goberno galego beneficiará máis de 52.000 galegos.

O obxectivo do Goberno galego é universalizar o acceso ás prestacións financeiras, unha medida que repercutirá principalmente nos concellos de menor poboación e ámbito rural. A Administración autonómica abordará de xeito inmediato esta cuestión coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), unha vez que esta fin de semana xa queden conformadas todas as corporacións locais.

A previsión da Xunta é licitar un servizo que inclúa, en primeiro lugar, a instalación dun caixeiro automático en cada un dos 41 municipios que non dispoñen de entidade financeira. Con esta medida, os habitantes de cada un deses 41 concellos poderán efectuar xestións ordinarias como a retirada e ingreso de cartos en metálico, a actualización das cartillas bancarias ou o pagamento de recibos sen necesidade de desprazarse a outros municipios.

Ademais, este contrato –que a Xunta sacará a concurso público– tamén incluírá outros dous servizos que serán prestados por persoal da entidade a que se lle adxudique o contrato: un servizo de asistencia financeira ao cidadán, para solventar de xeito presencial as dúbidas dos clientes; e un servizo de formación en banca electrónica, para que os cidadáns interesados adquiran nocións básicas para aprender a utilizar os servizos bancarios que xa están dispoñibles a través das novas tecnoloxías.

A Xunta de Galicia abordará coa FEGAMP as condicións en que se desenvolverá este servizo, incluíndo a colaboración que prestará cada municipio na posta en marcha do servizo. En todo caso, para levalo a cabo será preciso que os gobernos locais dean a súa autorización, para o cal se asinará un protocolo de adhesión entre cada concello beneficiario do servizo e a Administración galega.

Concellos beneficiados

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Segundo os datos do Banco de España a 31 de decembro de 2018, un total de 41 concellos galegos –o 13 % do total– carecen dunha entidade de crédito. A provincia máis afectada é a de Ourense, onde non teñen servizos financeiros 25 municipios nos que residen 26.373 habitantes. Os 25 concellos son Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Lobeira, Piñor, Punxín, Baltar, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Trasmiras, Taboadela, A Arnoia, Beade, Carballeda de Avia, Cenlle, Melón, A Bola, Pontedevea, Vereia, Chandrexa de Queixa, Larouco, Petín, Castrelo do Val, Monterrei e Oímbra.

O resto de concellos distribúense entre a provincia da Coruña, con oito municipios (Aranga, Coirós, Paderne, Vilarmaior, Vilasantar, Cabanas, Lousame, Dodro, Santiso e Toques) en que residen 20.849 persoas; catro concellos na provincia de Lugo (Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín, Ribas de Sil e O Páramo), que concentran unha poboación de 3.119 persoas; e dous municipios na de Pontevedra (Mondariz-Balneario e Dozón), cunha poboación de 1.728 persoas.



GALICIA PON EN MARCHA A AXENDA DA INDUSTRIA FORESTAL PARA IMPULSAR A SÚA MODERNIZACIÓN E APOSTAR POLA BIOECONOMÍA, O EMPREGO VERDE E OS PRODUTOS LOCAIS

- ***O Consello da Xunta presenta esta nova ferramenta que permitirá ata 2021 mobilizar máis de 125M€, axudar a 350 pemes e formar a 5600 persoas***
- ***Con esta folla de ruta promóvense medidas para estimular a demanda e fomentar en Galicia o uso da madeira nas novas edificacións***
- ***Entre os obxectivos da Axenda destacan a previsión de incrementar nun 6% a facturación e os empregos directos, alcanzando así os 21.000 postos de traballo na industria forestal***
- ***Valerase do talento, a innovación e a competitividade para fomentar a utilización da madeira na construción, en sectores estratéxicos (automoción, naval e téxtil), como fonte enerxía e no eido do deseño***
- ***Trátase dunha iniciativa consensuada coas asociacións do tecido empresarial galego vinculadas ao forestal para a identificación dos principais retos e tendencias do mercado e para o desenvolvemento de accións que xeren un maior valor na cadea monte-industria***

A Xunta de Galicia pon en marcha a Axenda de impulso da industria forestal 2019-2021, a nova ferramenta a que se destinarán 54M€ para favorecer a modernización deste tecido empresarial, atender as demandas actuais e contribuír á construción dunha sociedade saudable, baixa en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais. Trátase de conseguir, en definitiva, que a madeira e os produtos forestais actúen como o elemento central de impulso á bioeconomía.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, esta Axenda coordinada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), nace da participación activa do tecido asociativo para a identificación de retos e tendencias e o deseño de accións que permitan xerar un maior valor na cadea monte-industria, sempre en liña con obxectivos de desenvolvemento sustentable e as estratexias europeas de innovación. Como documento aberto e receptivo á inclusión de novas propostas, tamén se manterán encontros cos diferentes axentes sociais para que poidan contribuír coas súas suxestións.

Na práctica, valerase do fomento do talento, da innovación e da competitividade, poñendo en marcha medidas que promovan o uso da madeira nos eidos da construción; en sectores estratéxicos da economía galega como a automoción, o naval ou o téxtil; como fonte enerxética; ou como elemento de referencia no deseño e na saúde. Prevese que o conxunto de medidas postas en práctica poidan mobilizar máis de 125M€, ofrecer axudas a 350 pemes e formar a 5600 persoas ata o ano 2021.

En concreto, a Xunta apostará por fomentar o uso da madeira –sobre todo local– na construción, por seguir impulsando o sector contract galego, e por introducir na Comunidade, de xeito decisivo, novos modelos de edificación sustentable. A súa utilización permitirá

acurtar os tempos construtivos, crear novas oportunidades laborais no eido rural e unha industrialización que requira o mínimo emprego posible de enerxía, optimizando os recursos. Os principais beneficiarios serán os cidadáns, que gañarán en eficiencia térmica, insonorización e confort.

En definitiva, o Goberno galego busca impulsar medidas para estimular a demanda e promocionar o emprego da madeira nas novas edificacións en Galicia. Así, tal e como se recolle na propia Axenda, desde a Administración autonómica promoverase a apertura de novos equipamentos públicos construídos en madeira.

Outras iniciativas previstas para garantir a execución de proxectos en madeira local será o traballo de promoción con prescitores e empresas tractoras –como é o caso de Finsa– e consumidores.

Enerxía, sectores estratéxicos e deseño

A Axenda tamén recolle a redución dos consumos enerxéticos e cambiar as fontes de combustible tanto na produción de electricidade e calor, así como promover o uso de biocombustibles, en que o emprego dos restos da industria forestal teñen un papel destacado.

Co obxectivo de mellorar a competitividade de sectores estratéxicos galegos como a automoción, o naval ou o téxtil, preténdese tamén impulsar a súa colaboración coa industria forestal para desenvolver novos produtos, procesos e mercados a través da bioeconomía circular.

Por outra banda, apostarase polo uso da madeira no deseño para a saúde. Entre estes exemplos destaca o deseño biofílico que promove a utilización de madeira en interiores, mellorando o confort e reducindo o estrés, cos consecuentes efectos positivos sobre a saúde; ou o desenvolvemento de nanocelulosas que serven de excipiente nos medicamentos e facilitan a fabricación de próteses.

Obxectivos da Axenda

Coa aplicación destas medidas, a Axenda de impulso da industria forestal en Galicia pretende incrementar nun 6 % a facturación (200M€ máis ata alcanzar os 2.400 millóns de euros) e os empregos directos (ata alcanzar os 21.000 postos de traballo), así como aumentar nun 10 % o uso de elementos non estruturais na construción.

Para conseguilo, a Axenda valerase do talento, favorecendo a incorporación de profesionais cualificados como deseñadores industriais, enxeñeiros e arquitectos nas empresas; da innovación, avanzando no desenvolvemento de produtos derivados da biomasa para uso industrial, novos usos de composites ou na obtención de novos produtos para o seu uso no téxtil; e na mellora da competitividade a través da posta en marcha das construcións exemplares e do fomento de reformas e rehabilitación de equipamentos de uso colectivo a través do contract. Deste xeito, a Xunta apostará polo fomento e posta en valor dun material



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

natural, autóctono e reciclable como é a madeira, o que permitirá impulsar a economía galega favorecendo un crecemento sustentable.



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

O NOVO PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DE GALICIA RECOLLE 125 MEDIDAS CONCRETAS A DESENVOLVER ENTRE ESTE ANO E O 2021

- ***O seu orzamento ascende a 410 millóns de euros, un 10 % máis con respecto ao anterior***
- ***Incide en seis ámbitos prioritarios de actuación: emprego e emprendemento, medio rural, talento e creatividade, formación, participación e Xacobeo 2021***

O Consello da Xunta iniciou hoxe a tramitación do Plan estratéxico de xuventude 2019-2021, unha folla de ruta ambiciosa, transversal e coherente que ten como obxectivo seguir a mellorar as capacidades e habilidades da xente nova para que teñan máis oportunidades no presente e no futuro. O orzamento total do plan ascende a 410 millóns de euros, o que supón un incremento do 10 % con respecto ao anterior, que abrangue o período 2014-2016.

O documento inclúe 125 medidas concretas que se centran en seis ámbitos prioritarios de intervención que coinciden coas prioridades das mozas e mozos galegos. Estes son: emprego e emprendemento, medio rural, talento e creatividade, formación, participación, e Xacobeo 2021, porque a implicación das persoas novas é fundamental para garantir o éxito do maior evento que organizará Galicia nos vindeiros anos.

Estas 125 propostas distribúense en doce eixes de acción: a educación, o emprego, a creatividade e o espírito emprendedor, o acceso á vivenda, a saúde e o deporte, a participación e o asociacionismo, o impulso do voluntariado, a información e formación, a mobilidade e o turismo, a dinamización lingüística, a igualdade e o ambiente.

Máis polo miúdo o plan propón, entre outras actuacións: o reforzo do programa Emprural, que facilita a inserción laboral da mocidade na economía rural; a creación de novas axudas para que as mozas e mozos galegos poidan obter o permiso de condución B (de turismo) ou C (de camiión), a organización dos premios Talento Mozo; a entrada en funcionamento da oficina de emancipación xuvenil; favorecerase que as mozas e mozos adquiran unha vivenda grazas ao programa de axudas para concellos de menos de 5000 habitantes; a posta en marcha do programa Foro Xove, consistente en encontros periódicos entre responsables públicos e rapazas e rapaces para favorecer a súa participación na toma de decisións; ou a ampliación da tarxeta Xente Nova para todos os autobuses interurbanos.

O texto completo deste plan estratéxico continuará a súa tramitación co traslado ao Comité Galego de Políticas de Xuventude, coa finalidade de garantir a plena coordinación das diferentes administracións públicas.